

OBXECTIVOS XERAIS

- Comprender e producir con fluidez mensaxes orais e escritas en galego e castelán, atendendo a diferentes intencións e contextos da comunicación.
- Comprender e producir sinxelas mensaxes nunha lingua estranxeira.
- Utilizar os medios de expresión verbal, corporal, plástica, musical e matemática nos contextos de comunicacións propios.
- Apreciar e disfrutar das manifestacións artísticas do patrimonio cultural, así como da produción de obras propias.
- Resolver problemas sinxelos a través de procedementos de selección e elaboración da información necesaria, utilizando códigos e

sistemas de representación coñecidos.

- Valorar e fomentar a colaboración doutras persoas na búsqueda de solucións creativas a problemas da vida cotiá.
- Desenvolver unha actitude participativa e democrática nas actividades de grupo, aportar os puntos de vista e intereses propios e respectar os dos outros membros do grupo, e asumir as responsabilidades que lle correspondan na planificación e realización das actividades.
- Apreciar e valorar as diferencias persoais e sociais de todo tipo, rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Desenvolver as posibilidades individuais de comportamento

solidario cos grupos ou persoas máis necesitadas do seu contorno.

- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar de acordo con eles.
- Recoñecer o medio natural e social como patrimonio individual e de toda a comunidade e desenvolver actitudes positivas de protección e aproveitamento ecolóxico do mesmo.
- Participar no desenvolvemento e a conservación do patrimonio cultural e desenvolver unha actitude de interese e respecto hacia a diversidade lingüística dos pobos e individuos.
- Desenvolver e apreciar hábitos de saúde e benestar.

Reflexionar sobre as repercusións de determinadas conductas sobre a saúde e a

calidade de vida, co fin de conseguir unha vida sana e equilibrada.